



XUNTA DE GALICIA

Proxecto de Decretopolo que se modifica o Decreto 306/2004, do 2 de decembro, polo que se crea o Consello Forestal de Galicia.

Por Decreto 306/2004, do 2 de decembro, creouse ou Consello Forestal de Galicia como órgano de carácter consultivo e de asesoramento da Administración autonómica en materia forestal, constituíndose como a canle de participación da sociedade galega co fin de potenciar a xestión sustentable e fomentar o desenvolvemento do monte galego.

Este Decreto foi obxecto de modificacións mediante o Decreto 547/2005, do 20 de outubro, á fin de adaptar a súa composición á estrutura orgánica da Xunta de Galicia; e Decreto 33/2010, do 11 de marzo, adaptando a composición do Consello Forestal de Galicia á nova distribución de competencias entre consellerías e á nova composición das delegacións territoriais.

A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, establecía no seu artigo 12, a definición, composición e funcións xenéricas do Consello Forestal de Galicia. Así mesmo, o citado artigo prevía no seu apartado 4 a necesidade dun maior desenvolvemento regulamentario por medio de decreto.

Xa en novembro do ano 2017 creábase, en sede parlamentaria, a Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galicia, e en xullo do ano 2018, a dita Comisión, aprobaba un Ditame onde incorporaba medidas concretas de acción, unha delas sinalaba que *"co fin de que a política forestal non se vexa absorbida pola actividade de prevención e extinción de incendios, a Comisión recomenda que no seo da Consellería do Medio Rural haxa unha distinción clara e unha separación nítida entre o ente instrumental, o conxunto do dispositivo de extinción de incendios e as unidades directivas encargadas da planificación, xestión e ordenación forestal"*, a tal efecto o Decreto 149/2018 que establecía a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural creaba, por primeira vez na Xunta de Galicia, un centro directivo para o exercicio exclusivo das competencias inherentes á política forestal, a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.

A experiencia acumulada, ao longo destes anos, amosou resultados desiguais; así: excesivo número de membros, especialmente dos diferentes departamentos da administración pública, a metodoloxía de traballo levada a cabo, tanto nos procesos preparativos como nas propias xuntanzas celebradas, xeraron, ás veces, situacións de pouca operatividade e produtividade, que foron sinaladas en múltiples ocasións polos propios membros do Consello Forestal.

Á vista de todo o anterior, faise necesario modificar o Consello Forestal de Galicia e, en particular, tendo presente o referido aos órganos consultivos e de participación da Comisión Europea. A Unión Europea redefiniu mediante unha Decisión da Comisión do 23 de abril de 2004 (2004/391/EC) os Comités Consultivos para adecualos ás prioridades da Política Agraria Común (PAC), co ánimo de intensificar o diálogo coas organizacións que representaban aos intereses sociais e económicos. Entre eles consolídase o Comité Consultivo de Bosques e Cortiza.



Nunha posterior Decisión da Comisión do 16 de decembro de 2013 transforma os citados Comités Consultivos en Grupos de Diálogo Civil (2013/767/EU), co ánimo de incrementar a transparencia e prover un mellor balance dos intereses representados, que deberá asesorar á Comisión e axudala a manter un diálogo regular relacionados coa PAC, incluíndo a política de Desenvolvemento Rural e a súa implementación, intercambio de experiencias e boas prácticas, aconsellar e proporcionar opinións en materias específicas a solicitude da Comisión Europea. Na devandita Decisión establécese que os Grupos de Dialogo Civil deberán estar compostos por organizacións a nivel europeo non gobernamentais, incluíndo asociacións representativas, grupos de interese socioeconómico, organizacións da sociedade civil e do comercio.

Polo exposto, enténdese acaído reformular a organización e funcionamento do Consello Forestal de Galicia, aplicando políticas de boa gobernanza, amplamente desenvolvidas pola Comisión Europea en materia de *comitología*, e toda vez que os recentes cambios estruturais da Consellería do Medio Rural obrigan a unha modificación do Decreto en vigor.

En canto á estrutura formal do decreto, ten tres capítulos, 14 artigos, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

Na elaboración desta disposición observáronse os trámites previstos na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e na restante normativa de obrigado cumprimento, entre os que cabe destacar a audiencia ao Consello Forestal de Galicia e a publicación do texto, para alegacións, no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

O decreto adecúase aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, de conformidade co previsto no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 37 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Na súa virtude e en uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, por proposta do conselleiro do Medio Rural, de acordo co Consello Consultivo /oído o Consello Consultivo e despois de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

O obxecto do presente Decreto é a modificación do actual Consello Forestal de Galicia, á fin de acomodar a súa organización e funcionamento ás políticas de boa gobernanza e transparencia que deben rexer os comités consultivos ou grupos de diálogo civil das administracións públicas.

CAPÍTULO II

Organización

Artigo 2. *Composición do Consello Forestal de Galicia*

1. O Consello Forestal estará composto por asociacións representativas, organizacións profesionais agrarias ou forestais, grupos de interese socioeconómico, organizacións medioambientalistas e plataformas colectivas da sociedade civil. A súa sede social deberá estar en Galicia, no caso de que o seu ámbito sexa estatal, deberán posuír delegación en Galicia. Asemade participarán os departamentos das administracións públicas directamente relacionados co sector forestal, as universidades e os centros de investigación galegos. Exclúense expresamente as compañías privadas a título individual e partidos políticos.

2. O Consello Forestal de Galicia estará adscrito á consellería con competencias en materia de montes.

3. O Consello Forestal de Galicia estará composto por 8 Cámaras representativas dos grupos de interese sectorial intervinientes nos montes. Estas Cámaras serán:

- a) Produtores, propietarios, silvicultores e xestores de montes.
- b) Empresas de servizos, rematantes, contratistas de traballos forestais.
- c) Industrias de primeira e segunda transformación da materia prima forestal.
- d) Industrias de bioenerxía, bioeconomía e doutros produtos e servizos dos montes.
- e) Ruralistas, organizacións civís ambientalistas e usuarios do monte.
- f) Academia e centros de investigación e innovación.
- g) Organizacións e colexios profesionais, entidades de certificación.



h) Administracións públicas con competencias directas no desenvolvemento do sector forestal.

Artigo 3. *Solicitudes de participación*

1. A consellería con competencias en materia de montes abrirá un prazo dun mes para que as organizacións e departamentos das administracións públicas interesadas na súa participación como membros do Consello Forestal de Galicia poidan amosar o seu interese mediante solicitude ao efecto, especificando a Cámara de representación na que desexa participar.

2. Á fin de cumprir cos principios xerais de transparencia e publicidade, a dita consellería publicará o anuncio no Diario Oficial de Galicia e remitirá notificación individualizada as actuais entidades e departamentos das administracións públicas membros do Consello Forestal de Galicia, para que amosen, de así o considerar, dito interese.

3. Recibidas as solicitudes presentadas, a consellería competente en materia de montes comprobará os seguintes extremos:

- a) Cumprimento das exixencias dispostas no artigo 2.
- b) Non pertenza os seus entes instrumentais das distintas Administracións Públicas.
- c) Escala/nivel de representación provincial ou autonómica. Tamén serán elixibles aquelas delegacións en Galicia de organizacións de ámbito estatal.
- d) Cumprimento cos principios de capacidade, estabilidade, interese recoñecido, e experiencia demostrada no sector forestal de Galicia.

As exixencias dispostas nos apartados c) e d) non serán de aplicación para os departamentos das administracións públicas.

4.- Para os efectos do disposto no apartado d) do punto anterior, os criterios obxectivos de verificación serán os seguintes:

- a) Capacidade suficiente: o seu organigrama deberá contar con persoal con dedicación permanente en materia forestal, así como apropiada infraestrutura e medios ofimáticos para unha apropiada coordinación vertical e horizontal coa consellería competente en materia de montes e o resto das organizacións membros do Consello.
- b) Estabilidade: as organizacións deberán demostrar suficiente antigüidade e permanencia continuada no tempo. Excepcionalmente, poderanse ter en consideración outras de recente creación, sempre que cumpran o criterio de capacidade.
- c) Interese recoñecido: aquelas organizacións que formaran parte do Consello Forestal de Galicia na súa actual composición, que se entende cumprido para as entidades que forman parte do Consello forestal de Galicia na súa actual composición sen necesidade de ningunha acreditación. Aqueloutras que presenten novas solicitudes para participar no Consello, deberán proporcionar probas materiais suficientes da súa capacidade, estabilidade, traballos ou publicacións sectoriais, presenza e dedicación nos montes galegos ou relación coas funcións ou servizos que ofrecen.
- d) Experiencia demostrable: mediante facultade de mobilización de expertos ou técnicos, en materia de seguimento, planificación, xestión, conservación ou aproveitamento das masas forestais. Relación con propietarios, produtores, transformadores ou usuarios dos montes.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 4. *Cámaras de representación*

1. Recibidas as solicitudes e validados os requirimentos previos, a consellería competente en materia de montes efectuará a asignación que corresponda a cada unha das Cámaras de representación segundo a súa petición.

2. Cada Cámara terá unha representación de 5 vogalías no Consello Forestal. A relación de organizacións ou departamentos que ocuparán ditas prazas será elixida no seo das mesmas, previa convocatoria interna de cada unha delas, onde saíran elixidos as organizacións e departamentos membros que ostentarán dita representación.

3. Os membros do Consello en representación das Cámaras serán designadas por un período máximo de 4 anos e deberán ser substituídas de forma rotatoria ao finalizar o mandato ou cando:

- a) Non sexan capaces de contribuír con eficacia ás deliberacións do Consello.
- b) Formalicen a súa renuncia.
- c) Amosen a súa falta de interese non acudindo ás convocatorias. En particular, se non se presentan a 2 convocatorias no mesmo ano.
- d) Se non cumpren as condicións establecidas no artigo 3.
- e) Se non cumpren cos requirimentos do segredo profesional establecido no artigo 339 do Tratado da Unión Europea.

As exixencias dispostas neste número en materia de substitución por rotación non serán de aplicación para os departamentos das administracións públicas, non existindo para eles período máximo de representación. Tampouco será de aplicación cando o número de organizacións en cada Cámara teña un número tal que non aconselle dita rotación.

4. A Presidencia poderá convidar a participar a representantes de cada un dos departamentos da administración pública directamente vinculado á materia incluída na orde do día. A dita participación constrinxirase ao momento durante o cal se debata, expoña, ou presente o punto da orde do día ao cal estea vinculado.

5. Do mesmo xeito cada Cámara de representación poderá propoñer a designación de un (1) experto/a para a súa participación nas sesións, de acordo coa natureza dos temas que se inclúan na orde do día; a dita proposta efectuarase a través da persoa que ostente a secretaría do Consello Forestal de Galicia cunha anticipación mínima de 15 días. A participación de ditos expertos constrinxirase ao momento durante o cal se debata, expoña, ou presente o punto da orde do día ao cal estea vinculado. As persoas designadas en cada convocatoria como expertos poderán non pertencer a ningunha das organizacións que compoñen as Cámaras de representación.

Artigo 5. *Presidencia*

O Consello Forestal estará presidido polo persoa titular da consellería con competencias en materia de montes ou persoa en quen delegue.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 6. *Vicepresidencia*

1. O Consello deberá elixir na súa primeira convocatoria ao vogal que ostentará a Vicepresidencia de entre os membros de dito Consello, por obtención dos dous terzos de apoio das vogalías en primeira votación e maioría simple nas sucesivas. As eleccións serán tuteladas pola Presidencia e efectuadas mediante voto secreto.

2. A organización que ostente a Vicepresidencia exercerá por un período máximo de dous anos, debendo ser obxecto de obrigada rotación. A elección dunha nova Vicepresidencia non poderá recaer nunha vogalía que pertenza á mesma Cámara de representación que a súa antecesora.

Artigo 7. *Secretaría*

O Consello dispoñerá dunha secretaría que será exercida pola persoa titular do órgano forestal, con voz. A secretaría, para o desenvolvemento das súas funcións, poderá verse asistido por persoal adscrito a dito órgano.

Artigo 8. *Grupos de traballo*

1. Constituirase de forma permanente, como órgano de asistencia e apoio á Vicepresidencia, unha mesa de traballo composta por un representante designado por cada Cámara de entre as súas organizacións e a propia persoa que ostente a Vicepresidencia.

A estes efectos, cada Cámara comunicará o dito nomeamento na primeira convocatoria que se celebre. Esta mesa exercerá as súas funcións por igual período de tempo que a Vicepresidencia, debendo tamén ser os seus representantes obxecto de obrigada rotación.

2. Asemade, e mediante acordo de dous terzos de apoio das vogalías, o Consello Forestal pode establecer grupos de traballo, para estudar ou desenvolver materias específicas ou temas concretos que pola súa natureza requiran unha análise máis profunda. A secretaría poderá tutelar as reunións dos devanditos grupos de traballo. Así mesmo a Vicepresidencia velará porque se manteña o equilibrio de representatividade dos colectivos de intereses adscritos aos diferentes grupos de traballo, e poderá convidar a expertos de recoñecido nivel con competencias particulares na materia a estudo. Tales grupos serán disoltos no momento que consigan alcanzar os termos, mandatos ou motivos para os que foron creados.

CAPÍTULO III

Funcionamento

Artigo 9. Funcións do Consello Forestal de Galicia

Consonte o disposto no artigo 12 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, o Consello Forestal de Galicia desenvolverá, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Coñecer e ser consultado pola administración sobre as propostas de normativas forestais e de planificación territorial forestal.
- b) Propoñer ás administracións públicas as medidas que considere necesarias para cumprir os principios desta lei.
- c) Analizar medidas e propostas acerca da percepción social do monte.
- d) Fomentar o diálogo, a participación e a colaboración entre todas as administracións públicas, institucións, asociacións de persoas propietarias e titulares e comunidades de montes veciñais e demais axentes sociais, económicos e de defensa medioambiental implicados no sector forestal e no uso sustentable dos montes galegos, propiciando o intercambio de información entre todos os integrantes do consello verbo dos temas que sexan obxecto de debate no sector forestal.
- e) Impulsar a realización de informes, estudos, seminarios, xornadas, actos ou foros sobre o monte galego, por iniciativa do propio consello.
- f) Se o Consello de forma unánime acada un consenso que considere de singular importancia, quedará reflectido nas actas da reunión e poderá requirir á Presidencia para que o faga chegar a outras administracións, institucións ou entidades que o Consello recomende.

Artigo 10. Funcións da Presidencia

A Presidencia terá as seguintes funcións:

- a) Presidir as xuntanzas que se celebren do Consello Forestal de Galicia.
- b) Tutelar e velar polo cumprimento das normas de organización e funcionamento que rexan en vigor. En particular, tutelar a elección e nomeamento, consonte o disposto no artigo 6, das sucesivas organizacións que ostentarán a representación da Vicepresidencia.
- c) Elaborar a Axenda Estratéxica do Consello Forestal de Galicia, en coordinación coa Vicepresidencia.
- d) Poderá convidar a participar a representantes dos departamentos da administración pública directamente vinculado á materia obxecto de inclusión na orde do día.

Artigo 11. Funcións da Vicepresidencia

A organización que ostente a vicepresidencia do Consello, en estreita coordinación coa secretaría:



XUNTA DE GALICIA

- a) Proporá á presidencia os temas para incluír na orde do día con polo menos 15 días de antelación á data de celebración. Ditos temas deberán estar fundados e plenamente vinculados aos asuntos de traballo incluídos na Axenda Estratéxica.
- b) Proporá á Presidencia, á vista de ditos temas e segundo seu criterio, aqueles departamentos da administración pública que polas súas competencias estean directamente vinculados cos contidos de dita orde.
- c) Proporá xunto coa mesa os asuntos a incluír na Axenda Estratéxica do Consello Forestal de Galicia.
- d) Cando sexa acordado, coordinar os grupos de traballo específicos para estudar ou desenvolver materias particulares ou temas concretos, velando porque se manteña o equilibrio de representatividade dos colectivos de intereses adscritos aos diferentes grupos de traballo. Poderá propoñer a asistencia de expertos de recoñecido nivel con competencias particulares na materia a estudo.

Artigo 12. *Funcións da Secretaría*

A secretaría colaborará coa Presidencia e Vicepresidencia, tendo como principal función o apoio, e soporte técnico e administrativo do Consello Forestal. En particular:

- a) Asistir cos medios necesarios á Presidencia e Vicepresidencia, en especial na elaboración da Axenda Estratéxica do Consello Forestal de Galicia.
- b) Apoiar á Presidencia na elaboración das diferentes ordes do día, remitindo, as convocatorias asinadas, así como a documentación complementaria de apoio, con polo menos 10 días de anticipación.
- c) Redactar as actas de cada sesión.
- d) Informar e organizar o conxunto de información que se vaia recompilando e xerando no seo das xuntanzas do Consello Forestal de Galicia, poñéndoo a disposición, mediante medios dixitais, do seu contido aos membros que compoñen dito Consello.
- e) Cursar as invitacións aos expertos propostos. Dita participación será citada de forma expresa na orde do día remitida.
- f) Preparar aqueles documentos, conclusións ou informes de interese xerados no seo do Consello Forestal de Galicia para a súa remisión á consellería competente en materia de montes co fin de que proceda á súa difusión e publicación por medios físicos e dixitais.

Artigo 13. *A Axenda estratéxica*

1. A Axenda Estratéxica comprenderá os temas relevantes de interese xeral que deberán ser tratados no Consello. Constituirá de feito unha guía dos asuntos de traballo emerxentes ou materias sectoriais destacadas relacionados coa política forestal entendida nunha concepción ampla. A Axenda Estratéxica terá unha validez de 4 anos, podendo ser revisada cada 2 anos.

2. En base a dita estratexia serán elaborados os temas e asuntos a incluír nas ordes do día e se abordarán no Consello Forestal de Galicia, sen prexuízo do anterior, e de forma motivada, a Consellería con competencias en materia de montes poderá consultar ao



XUNTA DE GALICIA

Consello Forestal calquera materia de carácter urxente ou relevante, que polo seu interese se entenda necesaria, aínda que non estea directamente vinculada coa Axenda Estratéxica.

Artigo 14. *Difusión*

A consellería competente en materia de montes difundirá e publicará aqueles documentos, conclusións ou informes de interese para os montes e o sector forestal de Galicia xerados no seo do Consello Forestal de Galicia. Dita difusión abordarase mediante medios físicos e/ou dixitais.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste decreto.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento*

Facúltase á persoa titular da consellería competente en materia de montes para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste decreto, nas materias propias do seu departamento.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

O presente Decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela,.....

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

José González Vázquez

Conselleiro do Medio Rural